

BASES ENTROIDO 2023

Con motivo da celebración do Entroido 2023, o Concello de Meis convoca un concurso de disfraces para nenos e maiores que se regulará baixo as seguintes bases:

1. Establécense os seguintes premios e categorías:

CATEGORIAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
GRUPOS DE ADULTOS	300 €	210€	150€
PARELLAS DE ADULTOS	130 €	100 €	80€
INDIVIDUAL ADULTO	80€	60€	50€
GRUPOS INFANTIS	200 €	160 €	120€
PARELLAS INFANTIL	90 €	80 €	60€
INDIVIDUAL INFANTIL DE 0-3 ANOS	OBSEQUIO	OBSEQUIO	OBSEQUIO
INDIVIDUAL INFANTIL DE 4-14 ANOS	60 €	40 €	20 €

2. O Concurso terá lugar o sábado 18 de febreiro, os/as participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:00 horas da Praza de España (Campo da Feira do Mosteiro) para proceder ao desfile pola Rúa Alcalde Jorge Casal (coñecida por Rúa Colexio) e discurrir cara a Avenida de Cambados, subir por Rúa Rampa da Feira e finalizar o percorrido novamente na Praza de España, donde onde se fallará o concurso e terá lugar a entrega de premios.(Só se valorará o desfile na rúa).
3. En caso de mal tempo anularase o desfile.
4. Os premios daranse a coñecer aproximadamente unha hora despois do remate do desfile na Praza de España (Campo da feira) onde se entregaran os mesmos.
5. A inscrición será gratuíta e realizarase dende o día 13 de febreiro ata o día 17 febreiro en horario de 9:00 a 14:00 horas na Omix, e o sábado día 18 de febreiro en horario de 15.00 a 16:30 horas na Praza de España.

O sábado día 18 de febreiro en horario de 16.30 a 17:00 horas, na Praza de España, entregarase unha cartolina co número asignado a cada participante



que deberá mostrar no momento do desfile nun lugar visible.

6. Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grandes dimensións, que precise ser remolcado por un vehículo de motor, deberán advertilo no momento da inscrición (que deberá ser necesariamente do 13 ao 17 de febreiro de 2023), aportando a seguinte documentación:
 - .- permiso de circulación do automóbil
 - .- seguro de responsabilidade civil do automóbil
 - .- permiso de conducir do condutor.
 - .- seguro do remolque (no seu caso)
7. O xurado estará composto por persoas alleas totalmente ó Concello, relacionadas co mundo da animación e da cultura.
8. O xurado non estará identificado como tal durante o desfile. Avaliará especialmente, entre outros aspectos, a animación, espectacularidade, orixinalidade, música, etc.
9. O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “Deserta” algunha das categorías.
10. Considérase categoría de grupo aquel formado por un número de seis ou máis persoas cun disfraz conxunto.
11. En caso de grupos con membros que coincidan en categoría infantil e adulto serán incluídos na categoría que sume máis membros, respecto dunha ou outra categoría.
12. En caso de coincidencia nun grupo do mesmo número de membros de categoría infantil e adulto, poderán optar entre concursar nunha ou outra categoría.
13. Os compoñentes dun grupo nunca poderán facelo de forma individual e en parella.
14. O Concello resérvase o dereito de captación de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.
15. A participación no concurso implica a aceptación plena das bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.
16. Para máis información dirixirse ó propio concello no telf.: 986. 71 20 01 ou a OMIX no telf.: 986. 71 22 77

